

A antesala luminosa

Antonio Tizón

XERAIS NARRATIVA (1331366)

264 páxinas

ISBN: 978-84-9914-800-7

P.V.P: 16,65 €

NOVIDADES XANEIRO 2015

Antonio Tizón
A antesala luminosa



XERAIS
NARRATIVA

«A ANTESALA LUMINOSA»
DE ANTONIO TIZÓN

ESTAMOS ANTE UNHA NOVELA MESTIZA, MULATA. UNHA NOVELA QUE PAGA A PENA LER COMO CONTRIBUCIÓN A UN XÉNERO NEGRO MENOS XENUÍNO E MÁIS TRANSCENDENTE.

O inspector Sánchez investiga a identidade de dous cadáveres calcinados que aparecen nas inmediacións da praia coruñesa do Matadoiro en plena madrugada de San Xoán do ano 2000. Axiña descobre que un deles pode ser Gustavo Gallego, un curmán do comisario, a quen se lle encomenda a misión de atopar o seu familiar desaparecido. Cando comproba que está vivo, inicia a súa busca por distintas cidades mentres vai lendo unha novela escrita polo fuxitivo en terceira persoa que só contén capítulos pares, polo que os feitos narrados polo inspector en primeira persoa funcionan a modo de capítulos impares. Estamos, pois, ante dúas medias novelas que se complementan nun xogo metaliterario nada complicado para o lector. Unha das historias transcorre en doce días e a outra alóngase durante vinte anos; están escritas con diferentes estilos. Crime, intriga, corrupción, impunidade, whisky abundante, sexo, prostíbulos, garitos de xogo... presiden unha das historias; a outra trata sobre o amor, a convivencia, o demo, o inferno –a loucura– como tema catalizador, como antesala luminosa da morte. Estamos ante unha novela mestiza, mulata. Unha novela que paga a pena ler como contribución a un xénero negro menos xenuíno e máis transcendente.

Antonio Tizón (A Coruña, 1960) é licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid e traballou como xornalista e profesor de diversas materias nas agora chamadas Escolas de Arte e Superiores de Deseño. Ten editados un libro de relatos, *In medias res*, e o poemario *Ritmos*. *A antesala luminosa* (Xerais, 2014) é a primeira dunha serie de novelas protagonizadas polo inspector Xosé Sánchez Pereiro.